



## INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 2/2003 SOBRE APRAZAMENTO DE PAGO DO SEGUNDO PRAZO DE MATRÍCULA

O Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002 acordou axudar ós estudantes especialmente afectados pola marea negra causada polo petroleiro "Prestige", solicitando primeiro información dos centros e das asociacións estudiantís e nas confrarías de pescadores e mariscadores para identificalos. Dentro das axudas previstas figura o aprazamento do pagamento do segundo prazo da matrícula. Para estes efectos é necesario articular-lo procedemento para facer efectivo este acordo no ámbito da xestión académica.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral acordou:

### Primeiro.-

Os alumnos que se consideren especialmente afectados pola marea negra causada polo petroleiro "Prestige" poderán solicitar o aprazamento do segundo pago da matrícula universitaria do curso 2002-03. Para estes efectos deberán solicitar expresamente esta excepción mediante instancia na que se achegarán os documentos acreditativos da súa situación como afectados.

A Administración universitaria poderá requirir en calquera momento información complementaria tanto ós propios alumnos como a outras entidades.

### Segundo.-

A presentación da instancia supón o aprazamento automático do pago da matrícula ata a resolución definitiva da petición.

### Terceiro.-

As instancias poderán presentarse nas Unidades de Xestión Académica ou no Servizo de Axudas e Servizos ó Alumnado. Neste último caso o Servizo de Axudas remitirá copia ás UXA para a súa constancia no expediente.

Unha relación de peticionarios remitirase ó Servizo de Contabilidade para os que teñan domiciliado o seu pagamento. Outra copia será remitida á Secretaría Xeral para o seu coñecemento.

### Cuarto.-

As instancias presentadas nas Unidades de Xestión Académica serán remitidas ó Servizo de Axudas e Servizos ó Alumnado, que se encargará da súa tramitación e resolución dando conta ás unidades de xestión das concesións ou denegacións.

A concesión explicitará o período de duración do aprazamento. A denegación conterà o prazo para o ingreso do segundo prazo de matrícula.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Quinto.-

As UXA serán as encargadas da vixilancia do ingreso, nos prazos establecidos, dos pagamentos aprazados ou denegados.

No caso de falta de pagamento procederáse á anulación da matrícula conforme as normas xerais aplicables.


Sexto.-

A Secretaría Xeral poderá adoptar calquera outra instrución ou aclaración relacionadas con esta materia.

O que comunico ós efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2003

O Secretario Xeral



Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Sra. Vicerrectora de Estudiantes, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sr. Xefe do Servicio de Axudas e Servicio ó Alumnado, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr/as. Xefe/as das Unidades de Xestión Académica